



museo provincial
do mar

REDE MUSEÍSTICA



Enrédate nos nosos Museos
Coñécesnos?




museo fortaleza
san paio de narla

REDE MUSEÍSTICA




museo provincial
de lugo

REDE MUSEÍSTICA



museo pazo
de tor

REDE MUSEÍSTICA



DEPUTACIÓN DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

**museo pazo
de tor** REDE MUSEÍSTICA



● ● ● ●
Programa de Actividades Escolares
2017/2018

A Rede Museística Provincial, dependente da Deputación de Lugo, e a través dos departamentos de didáctica dos catro museos que a integran (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso escolar 2017/2018 coa idea de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos.

Coa nosa longa experiencia e o apoio de numerosos docentes que participaron nestas actividades en precedentes cursos procuramos tender pontes de colaboración entre diferentes espazos educativos, presentando actividades lúdicas pero rigorosas con contidos que entroncan coas programacións escolares.

Para concertar a realización de calquera das actividades que presentamos deberase contactar co departamento de Didáctica deste Museo.



Museo Pazo de Tor (Actividades)

• Crea o teu museo

Metodoloxía: Desde a Rede Museística invitámosvos a que creedes o voso propio museo a partir dun diálogo aberto coas nosas coleccións e cos profesionais que traballan neste espazo.

Nivel educativo: Infantil e 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

• Tor: cámara e acción

Metodoloxía: Vivimos nun mundo absolutamente visual, no que as imaxes nos contan historias que se fan virais e chegan a todos os recunchos do mundo e a todo tipo de xente. Imos crear unha historia en grupo a través das imaxes que cada alumno capte ó longo da nosa visita. Cada neno sacará unha foto co seu teléfono ou coa súa cámara, dunha peza, dun personaxe, do que queira ou máis lle chame a atención, e entre todos crearán unha historia común a partir de todas as imaxes recollidas. O relato resultante formará parte da nosa historia, mais tamén da vosa, porque despois cada unha das historias se irán subindo ao facebook e ás nosas redes sociais para que todos poidamos acceder a elas e compartilas.

Nivel educativo: ESO.

• O Museo como retrovisor histórico

Metodoloxía: As coleccións do museo permitirán ao alumnado interpretar os vestixios do pasado e analizar a súa importancia no desenvolvemento da nosa cultura.

Nivel educativo: 4º, 5º e 6º de Educación Primaria e ESO.

• O Museo Pazo de Tor do luscofusco a candeia

Metodoloxía: A sensación espacial dos interiores e exteriores do Pazo á noite, non fai moito eran ben diferentes. O xeito de iluminar estes espazos mudou ben: velas, candís, quinqués de gas, carburo, lámpadas de aceite ... proxectaban sombras e arumes que lle conferían unha sensación espacial máxica e misteriosa. Estes obxectos, hoxe pezas de museo, rememoran fórmulas prácticas e enxeñosas para a época, e tamén nos falan da historia da humanidade.

Demos luz ao asunto repasando as diferentes fórmulas de iluminación, para levarmos a práctica algunha delas

Nivel educativo: Primaria e ESO.



Museo Pazo de Tor (Actividades)

• Pescudas a través dos brasóns do Museo Pazo de Tor

Metodoloxía: Códigos, normas, historias; a heráldica é hoxe por hoxe un tema de interese e motivo de moitas consultas na rede. Independente do motivo de consulta: xenealoxía, representación dun apelido e a súa orixe; se profundizamos un pouco descubriremos que este sempre nos achega a momentos históricos e tamén pode que a eventos de grande transcendencia na historia. Xogaremos elaborando o noso propio brasón e de paso indagaremos un pouco sobre nós.

Nivel educativo: ESO.

• “Trivial-iznado” polo Pazo

Metodoloxía: Mergullarémonos no pasado pescudando entre as pezas e as estancias do pazo, tratando de captar os misterios e sensacións que envolven o noso museo. Xogo de probas no que os sentidos xogan un papel esencial para o coñecemento do museo desde dentro. O museo constituirá o noso panel de xogo, cada estancia será unha casiña a percorrer na nosa viaxe, iremos facendo paradas para desenvolver as diferentes probas do xogo: de memoria, de sons, de mímica, de coñecementos, de idiomas... Preguntas que deben ser respondidas para avanzar polas diferentes estancias do Pazo.

Nivel educativo: Primaria e ESO.

• Safari fotográfico no Museo Pazo de Tor

Metodoloxía: Percorrido buscando animais representados en distintas obras expostas no Museo. Logo da busca, podemos xogar a agrupar os animais localizados segundo sexan de pelo ou de pluma, de terra ou de aire, mamíferos, etc. Remataremos a actividade completando un álbum cos cromos correspondentes aos animais avistados durante o safari.

Nivel educativo: Educación Infantil, 1º, 2º, 3º de E. Primario.



Museo Pazo de Tor (Actividades)

Departamento de Didáctica do Museo Pazo de Tor


(34) 982 165 534

pazodetor@museolugo.org

<http://redemuseisticalugo.org>



DEPUTACIÓN DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO